

INSTRUCCIÓN INTERNAS DE CONTRATACIÓN

O artigo 191 da LCSP, que regula a adxudicación dos contratos que non estean suxeitos a regulación harmonizada por parte dos poderes adxudicatarios que non teñan o carácter de administracións públicas, dispón que os órganos competentes de ditas entidades aprobarán unhas instrucións de obrigado cumprimento no seu ámbito interno, nas que se regularán os procedementos de contratación de forma que quede garantida a efectividade dos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, e que o contrato sexa adxudicado a quen presente a oferta economicamente mais vantaxosa.

As instrucións internas de contratación deberán poñerse a disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación de contratos regulados por elas, e publicarse no perfil do contratante da entidade.

A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), aos efectos do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TrLCSP), reúne os requisitos para ser considerado poder adxudicador distinto a Administración Pública de acordo co disposto no seu artigo 3.3

Neste marco xurídico a Comisión Executiva da Fegamp, na súa reunión ordinaria do día 17 de setembro de 2014 aprobou as presentes instrucións internas de contratación, que comezarán a aplicarse a partir de dita data.

Artigo 1. Obxecto

As presentes instrucións internas de contratación (IIC) teñen por obxecto establecer a metodoloxía de actuación a desenvolver en todos os contratos que a Fegamp celebre con terceiros. En particular é obxecto destas IIC regular os procedementos internos para a adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, de forma que quede garantida a efectividade dos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, e que o contrato sexa adxudicado a quen presente a oferta economicamente mais vantaxosa.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

As IIC serán de obrigado cumprimento en todos os contratos onerosos non suxeitos a regulación harmonizada que a Fegamp celebre con terceiros, con excepción dos negocios e relacións xurídicas aos que alude o artigo 4 do TrLCSP.

Artigo 3. Definicións e interpretación

1. Enténdese por contratos non suxeitos a regulación harmonizada os definidos como tales na Sección 2ª do Capítulo II do Título Preliminar do TrLCSP. En particular terán dita consideración, entre outros, os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 5.186.000 euros, e os contratos de subministro e de servizos cuxo valor estimado, sexa inferior a 2007.000 euros, coa excepción dos servizos comprendidos nas categorías da 17 en diante do Anexo II do TrLCSP.

2. Enténdese por contratos de obras os definidos como tales no artigo 6 do TrLCSP e disposicións concordantes. Con carácter xeral teñen esta

consideración os contratos referidos a realización de traballos de construción que teñan por obxecto un ben inmovible.

3. Son contrato de subministro aqueles recollidos no tales no artigo 9 do TrLCSP, ou sexa aqueles que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento con ou sen opción de compra de bens inmovibles. En particular son contratos de subministro os que teñen por obxecto materiais, equipos ou instalacións.

4. Son contratos de servizos, de conformidade co disposto no artigo 10 do TrLCSP, aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade dirixida a obtención dunha obra ou un subministro.

5. Nos importes que determinan os diferentes umbrais establecidos no artigo 10 das presente IIC non está incluído o IVA, de conformidade co previsto no artigo 88.1 do TrLCSP.

6. Os prazos establecidos por días en estas IIC entenderanse referidos a días naturais, agás nas mesmas se indique que só deben computarse os días hábiles. Non obstante se o último día de prazo fora inhábil, éste se entenderá prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

7. As contías que no sucesivo se fixen pola Comisión Europea substituirán ás que figura no texto destas IIC, de conformidade co disposto na disposición adicional undécima do TrLCSP.

Artigo 4. Órganos de contratación e áreas implicadas

1. A Presidencia da Fegamp será o órgano de contratación, agás aqueles supostos nos que os Estatutos da Federación atribúan a competencia para contratar a outro órgano.
2. As presentes instrucións internas de contratación afectan a todas as áreas e a todo o persoal da Fegamp.

Artigo 5. Principios xerais da contratación regulada por las IIC

1. Os contratos onerosos celebrados pola Fegamp con terceiros poden ter a consideración de contratos suxeitos a regulación harmonizada ou de contratos non suxeitos a regulación harmonizada.

Os contratos non suxeitos a regulación harmonizada rexeranse polos principios contidos no artigo 1 do TrLCSP, quedando a súa adxudicación sometida a principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, de conformidade co disposto no artigo 191 do TrLCSP.

Entenderanse cumpridos eses principios mediante a observancia das regras previstas nos seguintes apartados destas IIC, para cuia aplicación se teñan en conta as seguintes directrices de actuación:

- a) O principio de publicidade entenderase cumprido mediante a aplicación de medios axeitados e suficientemente accesibles de difusión ou divulgación que proporcionen información contractual da Fegamp, e que permitan abrir o mercado á competencia.

b) O principio de transparencia entenderase cumprido mediante a difusión ou divulgación, antes da adxudicación do correspondente contrato, dunha información axeitada que permita que todo licitador potencial estea en condicións de manifestar o seu interese por participar na licitación. Así mesmo, este principio implicará que todos os participantes poidan coñecer previamente as normas aplicables ao contrato que se pretende adxudicar, así como ter a certeza de que ditas normas aplícanse de igual forma a todas as empresas.

c) Adaptaranse as medidas necesarias, segundo o previsto nestas IIC, que faciliten o acceso e participación de potenciais licitadores, co obxecto de adxudicar o contrato á oferta economicamente mais vantaxosa.

d) Respetarase o principio de confidencialidade mediante a asunción por parte da Fegamp da obriga de non divulgar a información facilitada polos empresarios que estes cualificaran como confidencial, sempre que existan causas xustificadas para iso. Igualmente a aplicación deste principio esixirá que os contratistas deben respectar o carácter confidencial a que teñan acceso con ocasión da execución do contrato a que se dera ese carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

e) Para garantir o principio de igualdade e non discriminación adaptaranse as medidas necesarias que garantan a imparcialidade e equidade dos procedementos. Estas medidas comprenderán, polo menos, as seguintes:

I. O obxecto dos contratos describírase sempre de forma non discriminatoria, sen facer referencia a unha fabricación ou procedencia determinada, nin a produtos particulares nin referirse a unha marca, patente, tipo orixe ou produción determinados, agás si unha referencia deste tipo xustifícase axeitadamente e vai acompañada da mención “ou equivalente.”.

II. Non se impoñerá ningunha condición que supoña unha discriminación directa ou indirecta fronte a licitadores potenciais de outros Estados membros da Unión Europea.

III. Se se esixe aos candidatos que presenten títulos, certificados ou outro tipo de documentación xustificativa, os documentos procedentes doutros Estados membros deberán aceptarse de conformidade co principio de recoñecemento mutuo de títulos, certificados e outros diplomas.

IV. En aqueles contratos en cuxo procedemento de adxudicación concorran máis dun provedor ou subministrador, a Fegamp garantirá que todos eles dispoñen da mesma información sobre o contrato en idénticas condicións.

Artigo 6. Natureza e réxime xurídico aplicable aos contratos regulados nestas IIC

Os contratos celebrados pola Fegamp teñen, en todo caso, a consideración de contratos privados de acordo con disposto no artigo 20.1 do TrLCSP.

Artigo 7. Capacidade e solvencia do empresario

1. Los contratos regulados nesta IIC só poderán celebrarse con licitadores que reúnan as condicións establecidas no artigo 54 do TrLCSP e preceptos concordantes que se apliquen a todas as entidades do sector público.

En concreto, non poderán celebrarse contratos con persoas ou entidades nas que concorran algunha das prohibicións para contratar definidas no artigo 60 do TrLCSP.

Os requisitos mínimos de capacidade e solvencia que se esixan en cada caso deberán estar vinculados ao obxecto do contrato e ser proporcionais ao mesmo.

2. A acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional para contratar, realizarase de acordo co que en cada caso determine o órgano de contratación en atención ás circunstancias e características do contrato, podendo aplicar o previsto nos artigos 75 a 79 do TrLCSP, se así o estima oportuno o órgano de contratación.

Así mesmo, de conformidade co artigo 65.5 do TrLCSP, en atención ás circunstancias e características do contrato poderá esixirse, no seu caso, que a solvencia do empresario sexa acreditada mediante a correspondente clasificación.

Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para a súa acreditación especificaranse no prego de condicións do contrato.

Artigo 8. Garantías esixibles

En atención as circunstancias e característica do contrato, poderá esixirse polo órgano de contratación a prestación dunha garantía aos licitadores ou candidatos para responder do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación, así como unha garantía ao adxudicatario para asegurar a correcta execución da prestación.

O importe das garantías será establecido en cada caso en atención ás circunstancias e características do contrato.

As formas previstas para a presentación das garantías concretarase nos pregos de cláusulas técnicas e administrativas de cada procedemento que se convoque.

Artigo 9. Preparación dos contratos

1. Para a preparación dos contratos a que se refiren estas IIC, deberá elaborarse un prego de condicións cando a súa contía sexa superior a 50.000 euros, co contido indicado no artigo 137.2 do TrLCSP, sendo de aplicación, así mesmo, o disposto no artigo 120 da citada Lei.

Os pregos de condicións incluírán necesariamente as seguintes mencións, sen prexuízo das cuestións adicionais que se consideren oportunas polo órgano de contratación:

- a)** Características básicas do contrato.
- b)** Réxime de admisión de variantes.
- c)** Modalidades da recepción das ofertas.
- d)** Cando o órgano de contratación o considere oportuno, os requisitos mínimos de capacidade e solvencia esixidos aos empresarios interesados en participar na licitación.
- e)** Cando o órgano de contratación o estime oportuno, os criterios obxectivos de solvencia con arranxo aos cales serán elixidos os candidatos que serán invitados a presentar proposicións, así como o número máximo de candidatos aos que se invitará a presentar oferta, que non poderá ser inferior a tres.
- f)** Os criterios técnicos e económicos que avaliaranse para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa a que se adxudicará o contrato.

g) Cando o órgano de contratación o considere oportuno, a constitución dun órgano de valoración que cualifique a documentación presentada, valore as ofertas e eleve unha proposta de adxudicación.

h) Garantías que deban constituír, no seu caso, os licitadores ou o licitador seleccionado.

i) A información que, no seu caso, proceda de conformidade co disposto no artigo 120 do TrLCSP, sobre as condicións de subrogación nos contratos de traballo.

j) A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao empresario.

k) Os prazos que, no seu caso, resulten aplicables para a obtención de información adicional por parte dos licitadores, e os prazos para a presentación de ofertas ou, no seu caso, solicitudes de participación, así como para a emenda da documentación presentada se así se considera oportuno polo órgano de contratación.

l) O prazo para a formalización do contrato, cando se pretende un prazo distinto do de dez días naturais.

2. Na preparación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, cando se adxudiquen polo procedemento negociado sen publicidade a que se refire o artigo 14 destas IIC, poderá utilizarse un prego simplificado no que, como mínimo, incluíranse as seguintes mencións: **a)** características básicas do contrato; **b)** modalidades e prazos de recepción das ofertas; **c)** criterios técnicos e económicos que se avaliarán para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa.

Artigo 10. Clasificación dos contratos en función da súa contía

En función da súa contía os contratos suxeitos ás presentes IIC clasificaranse en tres umbrais ou niveis diferentes, cada un dos cales estará suxeito ao seu correspondente procedemento de contratación.

Umbral 1. Quedan suxeitos ao mesmo os contratos cuxo valor estimado sexa igual ou inferior a 18.000 euros, calquera que sexa o tipo de contrato de que se trate. Non obstante exclúense deste umbral os contratos de subministro de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, cando o seu valor estimado supere os 12.000 euros e se financien total ou parcialmente con subvencións públicas das que sexa beneficiaria a Fegamp.

Umbral 2. Os contratos cuxo valor estimado estea comprendido entre 18.001 euros, ou 12.001 euros se se trata dos contratos financiados con subvencións públicas no umbral 1, e 50.000 euros calquera que sexa o tipo de contrato de que se trate.

Umbral 3. Quedan incluídos neste umbral os contratos cuxo valor estimado sexa superior aos incluídos no umbral 2, sempre que non estean suxeitos a regulación harmonizada de conformidade co disposto no artigo 13 do TrLCSP.

Polo tanto incluíranse neste umbral, entre outros, os contratos cuxo valor estimado sexa menor de 5.186.000 euros, se se trata de contratos de obras, e menor de 207.000 euros nos demais contratos, agás os servizos comprendidos nas categorías da 17 en diante do Anexo II do TrLCSP que superen este importe.

Artigo 11. Publicidade da contratación

1. Cando o valor estimado dos contratos supere os 50.000 euros, deberá inserirse a información relativa á licitación no perfil do contratante da Fegamp. Non obstante poderán utilizarse medios adicionais de difusión cando o órgano de contratación o considere necesario.

2. O anuncio de licitación conterá a seguinte información:

a) Nome da entidade adxudicadora.

b) Breve descrición do obxecto do contrato.

c) O procedemento de adxudicación do contrato.

d) Presuposto base de licitación.

e) Referencia aos documento en que se establecen os criterios que servirán de base para a adxudicación.

f) Indicación de cómo se pode obter información e documentación acerca do contrato.

g) Lugar e data límite de presentación das ofertas.

En todo caso, se as circunstancias e características do contrato o aconsellan, poderá ampliarse o contido do anuncio ou incorporar información adicional no perfil de contratante.

3. Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, poderá prescindirse da publicidade naqueles supostos de aplicación do procedemento negociado

contidos nos artigos 170 a 175 do TrLCSP, que de conformidade co disposto no artigo 177 de dita Lei non deban someterse a publicidade, ou estean comprendidos nalgún dos casos contemplados nos apartados b), d) e e) do artigo 170 do TrLCSP.

Artigo 12. Procedementos de contratación

Os procedementos de contratación aplicables aos contratos incluídos en cada un dos umbrais anteriores serán os de adxudicación directa, de solicitude de tres presupostos ou negociado sen publicidade, procedemento aberto, restrinxido, negociado con publicidade ou diálogo competitivo.

Sen prexuízo do previsto para cada umbral, o órgano de contratación poderá decidir que, en atención as características e condicións do contrato, se apliquen nun umbral inferior as normas correspondentes a un umbral superior.

Artigo 13. Procedemento aplicable aos contratos do umbral 1

1. Os contratos suxeitos a este umbral adxudicaranse de forma directa.
2. A FEGAMP, solicitará oferta a unha única empresa, e realizará a adxudicación directamente á mesma.

A contratación farase mediante aceptación do presuposto ofertado pola empresa (servindo o envío dun fax ou email), ou a firma do oportuno contrato, cando se estime oportuno.

A persoa responsable, coa asistencia técnica da Secretaría ou Dirección Xeral, será a encargada de xestionar a tramitación, así como recepcionar e supervisar o material ou servizo solicitado.

Artigo 14. Procedemento aplicable aos contratos do umbral 2

Os contratos do umbral 2 adxudicaranse polo órgano de contratación a través do procedemento negociado sen publicidade ou mediante a solicitude de tres presupostos.

No suposto en que se decida realizar a adxudicación a través da solicitude de tres presupostos, non será necesario elaborar un prego de condicións.

Cando se decida realizar a adxudicación a través do procedemento negociado sen publicidade, será necesario elaborar un prego de condicións, que poderá ser simplificado tal e como se indica no artigo 9.2 destas IIC, e o procedemento axustarase as seguintes regras:

a) Sempre que resulte posible, a FEGAMP solicitará oferta a lo menos a tres empresas capacitadas para levar adiante o contrato mediante carta, correo electrónico ou fax, xuntando o prego de condicións. Non obstante, se o órgano de contratación o considera oportuno, poderá establecer criterios obxectivos de solvencia para a elección dos candidatos invitados a presentar proposicións de entre aqueles que manifestaran o seu interese, podendo fixar igualmente un número máximo de candidatos aos que se formulará invitación, que non poderá ser inferior a tres. Estes criterios obxectivos deberán incluírse no correspondente prego.

En todo caso, poderá solicitarse oferta a unha soa empresa cando, por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva, o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado.

b) A FEGAMP poderá negociar calquera aspecto do contrato cos licitadores, coa excepción de aqueles que se excluían de negociación nos pregos.

c) Cando para valorar as proposicións se deban ter en conta criterios distintos ao prezo, o órgano competente poderá solicitar, antes de formular a súa proposta de adxudicación, cantos informes técnicos considere necesarios. Igualmente poderá solicitar estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

d) Pola Secretaría da FEGAMP elaborarase unha táboa comparativa das ofertas, que servirá para que o órgano de contratación adxudique o contrato á oferta que resulte máis vantaxosa.

e) A perfección do contrato terá lugar mediante a firma do contrato conforme se dispoña no prego.

Artigo 15. Procedemento aplicable aos contratos do umbral 3

En atención ás características do contrato, o órgano de contratación indicará no prego de condicións o procedemento de adxudicación elixido de conformidade coas regras recollidas nos seguintes apartados.

1. Sen prexuízo do previsto no artigo 11.3 destas LIC, o procedemento ordinario de aplicación para os contratos clasificados no terceiro umbral será o negociado con publicidade, aos que se aplicarán as regras previstas para os contratos negociados sen publicidade do umbral 2.

2. Non obstante o anterior, poderá decidirse a aplicación do procedemento aberto ou restrinxido nos seguintes supostos:

a) Cando as prestacións que deban ser contratadas estean definidas coa necesaria concreción, de forma que non sexa necesaria a negociación de aspectos técnicos ou económicos referidos ás mesmas.

b) Naqueles contratos nos que, pola súa particular relevancia económica ou proximidade ás contías dos contratos suxeitos a regulación harmonizada, o órgano de contratación considere que o procedemento aberto ou o restrinxido cumpren mellor cos principios definidos nestas IIC.

3. Naqueles supostos nos que se utilice o procedemento aberto ou o restrinxido, serán de aplicación as determinacións dos artigos 157 a 168 do TrLCSP, aínda que non resultarán de aplicación as seguintes previsións:

a) Os prazos relativos á información que se deba proporcionar aos licitadores.

b) Os prazos relativos á presentación de proposicións ou solicitudes de participación, que se substituirán polos prazos que se fixen no anuncio, ou no seu caso, no prego. Os prazos que se fixen serán, en todo caso, axeitados para permitir unha avaliación axeitada e presentar unha oferta.

c) A obrigatoriedade de realizar unha adxudicación provisional, agás que o considere oportuno o órgano de contratación.

4. Cando concorran os supostos do artigo 180 do TrLCSP, poderá decidirse a aplicación do procedemento de diálogo competitivo, que se rexerá polo disposto nos artigos 179 a 183 do TrLCSP, coas mesmas adaptacións reseñadas nos apartados anteriores en relación aos procedementos abertos ou restrinxidos.

5. En calquera dos casos, pola Secretaría Xeral da FEGAMP recibiranse as ofertas presentadas e elaboraranse un informe de valoración, realizando unha proposta de adxudicación. Cando así se estableza no prego, dito informe poderá ser revisado e aprobado por quen este dispoña. Xuntaranse ao contrato os documentos que teñan valor vinculante para o contratista.

Artigo 16. Selección do contratista

1. A adxudicación dos contratos regulados nestas IIC realizarase polo órgano de contratación á oferta que resulte economicamente mais vantaxosa.
2. A adxudicación dos contratos publicarase no perfil de contratante da FEGAMP, salvo que se decida outra cousa atendendo ás circunstancias e características do contrato.

Artigo 17. Formalización dos contratos

1. Os contratos que formalice a FEGAMP por aplicación destas IIC deberán incluír as seguintes mencións de conformidade co artigo 26 do TrLCSP, agás que xa se encontren recollidas outras no correspondente prego de condicións:
 - a) A identificación das partes.
 - b) A acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato.
 - c) A definición do obxecto do contrato
 - d) A referencia á lexislación aplicable ao contrato.
 - e) A enumeración dos documentos que integran o contrato.
 - f) O prezo certo, ou o modo de fixalo.
 - g) O que se dispoña sobre a revisión de prezos.
 - h) A duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e para súa finalización, así como a prórroga ou prórrogas, se estivesen previstas.

- i)** As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.

 - j)** As condicións de pago.

 - k)** Os supostos nos que procede a resolución.

 - l)** A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista.
- 2.** Cando proceda a formalización do contrato, a mesma se realizará nun prazo máximo de dez días naturais dende a selección do contratista, sempre e cando non se fixara un prazo distinto nos pregos ou ofertas correspondentes.